

A Carrilana das novas



Carrilana: vehículo con rodas construído para a diversión infantil.

"A Carrilana das novas" é a revista que publica a Escola de Educación Infantil de Vilalba.

Elaborouse con traballos realizados polo alumnado e coas colaboracións enviadas polas familias.

A nosa intención foi facer unha revista que sirva para reflexionar e concienciar sobre a importancia do aforro e do aproveitamento. Se con estas mensaxes aprendemos a valorar as cousas doutra maneira, estes traballos cumpriron unha importante función.

O noso máis sincero agradecemento a todas as persoas que, dunha ou doutra forma, colaboran cos nosos proxectos.

AS BOLSAS DE PLÁSTICO: DESTRUCTOR DO MEDIO AMBIENTE

Tense falado moito do impacto medioambiental que teñen as bolsas de plástico; presentámosvos algúns datos claros sobre esta polémica ecolóxica:

- Cada ano consúmense ao redor de 500 mil millóns de bolsas de plástico.
- En San Francisco están prohibidas. Na China está prohibido que sexan de balde. En Irlanda págase un imposto por elas, o que fai que o seu consumo se reducise nun 90%.
- Custa máis producir unha bolsa que reciclala.
- Bótanse ao océano 8 mil millóns de toneladas anuais, que logo van aos ríos, lagos...
- Tapan os canos e os sumidoiros.
- Representan o 10% dos refugallos nas costas.
- Ao redor de 200 especies mariñas morren ao inxerir bolsas de plástico que confunden con alimentos.
- Ao degradarse convértense en pequenos petro-polímeros sumamente tóxicos. Estas partículas entran na cadea alimenticia con consecuencias catastróficas.
- Están feitas a partir do petróleo, polo que se reducimos o seu consumo reduciremos esa dependencia.
- Usando unha bolsa de tea pódense aforrar 6 bolsas de plástico á semana, 24 ao mes, 288 ao ano e 22.176 en toda a vida.
- Se unha de cada 5 persoas aforrara 6 bolsas á semana deixaríanse de consumir 384.654.618.201 ao ano.

Claustro do profesorado



Aproveitamos os cachos de pan que sobran e facemos migas



A roupa que me queda pequena gárdoa para miña irmá




Os zapatos de cando tiña dous anos doullos a unha amiga




Aproveitamos a comida que sobrou da festa

Como aproveitar...




Gardo para os meus irmáns a roupa que me quedou pequena




Coa barra de pan que sobrou da comida fixen anacos para aproveitala en torradas



Despois de mexar toda a familia tiramos da cisterna



Os xoguetes de cando era moi pequeno lévollos a outros nenos



Uxía

Cos cachos de pan que sobran
facemos unha torta



Nerea

A roupa que nos quedou pequena
levámoslla aos nosos primos




Sabela

Os xoguetes que xa non utilizo
doullos a outras nenas



Jairo

Coas cabezas do peixe fixemos sopa,
coas frebas do lacón croquetas e cos
cachos de pan torradas.
O can comeu os ósos e os restos da
comida dos pratos



Javier

A roupa que xa non poño
gárdoa no armario para
cando naza meu irmán



Alba

Axudo á mamá a cortar o pan que sobra en
anaquiños para facer torradas



Rebeca

Coas froitas que xa están
moi maduras facemos unha
macedonia



Adrián

Lévolle roupa ao meu primo

4 anos A



Aproveitamos os cachos de pan que sobran e facemos migas



A roupa que me queda pequena gárdoa para miña irmá




Os zapatos de cando tiña dous anos doullos a unha amiga




Aproveitamos a comida que sobrou da festa

Como aproveitar...




Gardo para os meus irmáns a roupa que me quedou pequena




Coa barra de pan que sobrou da comida fixen anacos para aproveitala en torradas



Despois de mexar toda a familia tiramos da cisterna



Os xoguetes de cando era moi pequeno lévollos a outros nenos



Uxía

Cos cachos de pan que sobran
facemos unha torta



Nerea

A roupa que nos quedou pequena
levámoslla aos nosos primos




Sabela

Os xoguetes que xa non utilizo
doullos a outras nenas




Jairo

Coas cabezas do peixe fixemos sopa,
coas frebas do lacón croquetas e cos
cachos de pan torradas.
O can comeu os ósos e os restos da
comida dos pratos



Javier

A roupa que xa non poño
gárdoa no armario para
cando naza meu irmán



Alba

Axudo á mamá a cortar o pan que sobra en
anaquiños para facer torradas



Rebeca

Coas froitas que xa están
moi maduras facemos unha
macedonia



Adrián

Lévolle roupa ao meu primo

4 anos A

Unha bolsa de plástico tarda 150 anos en degradarse, mesmo as podemos atopar tiradas no Polo Norte ou na Antártida. O impacto que producen no medio ambiente é terrible. En países coma Sudáfrica, Kenia ou Tanzania están prohibidas.

Por cada bolsa que tiramos ao mar morre unha tartaruga mariña.

Só con ir dar un paseo podemos comprobar que hai bolsas, latas, plásticos, etc. tirados por todos os sitios. Os nosos ríos parecen auténticos vertedoiros de lixo.

Deberíamos reflexionar ao mesmo tempo que intentamos concienciar aos nosos fillos da importancia que ten a redución, a reciclaxe e a reutilización.

Debemos loitar para que sexa unha realidade e non só un soño que os nosos fillos poidan pasear por un mundo libre de lixo, en harmonía e respecto coa natureza.



Familia de Jesús Rozas Cendán

ALGUNHAS PROPOSTAS PARA RECICLAR BOLSAS DE PLÁSTICO

Con estas ideas non se contribúe demasiado á sostibilidade do Planeta, pero poñen de manifesto que nos estamos desprendendo de cousas que poden ser útiles.

Cun pouco de imaxinación pódense deseñar e facer bolsos, neceseres, alfombras, bolsas máis grandes, etc. con distintas formas e cores. Inténtao...



Antón e os seus zapatos

Antón era un neno ao que lle gustaba andar descalzo. Adela, a súa nai, sempre lle estaba rifando para que se calzase. Antón poñía os zapatos porque senón a súa nai poderíalle volver a rifar.

Antón facíase maior, os zapatos non lle servían e a súa nai quería tiralos ao lixo. Antón díxolle que non os tirara, que os gardara para ter un recordo de cando era pequeno.

Pasou o tempo e Antón rebuscando un día na súas cousas atopou os zapatos, amosoullos a súa nai e díxolle:

- Ves nai, non se pode tirar nada, porque agora podémosllos dar ao noso primo pequeno, que lle han valer.

- Tés razón Antón, hai que aproveitar as cousas para lle dar aos demais.

Ao seu primo, que se chamaba Daniel, valíanlle e estaba moi ledos cos zapatos de Antón.

NON SE DEBEN TIRAR AS COUSAS EN BO ESTADO, SEMPRE HAI QUEN AS POIDA



APROVEITAR.



Familia de Reyes López Rivas

CONSELLOS PARA AFORRAR AUGA











Convén ter presente que a auga doce, apta para ser potabilizada é, en xeral, un recurso escaso na natureza e debe usarse racional e moderadamente, [SEN MALGASTALA](#), pensando no futuro. Facer chegar auga potable ás nosas casas é un procedemento relativamente custoso. A auga debe ser captada en fontes ás veces afastadas, tratadas con produtos químicos para a súa potabilización (ou sexa a súa purificación ata que resulte apta para o consumo humano), filtrada, almacenada e distribuída por canalizacións aos domicilios.

Que podemos facer para aforrar auga?



- Non utilizar a cisterna se non é verdadeiramente necesario.
- Non empregar o inodoro como papeleira.
- Se durante o lavado dos dentes só mollamos o cepillo ao inicialo e o enxaugamos ao finalizar, aforraremos uns 15 litros de auga por cada acto de hixiene bucal.
- Se ao afeitarse só se botan tres litros de auga no lavabo, aforraranse uns 50 litros de auga por cada afeitado.
- Ducharse no canto de bañarse, suporá un aforro de 150 litros.
- Débense arranxar con urxencia as roturas de billas e canos. Unha billa que gotea perde 30 litros diarios.
- Escoller plantas autóctonas para o xardín supón menor consumo de auga e menos traballo, ademais de evitar o uso de produtos químicos para o seu mantemento.
- Regar as plantas, só cando sexa necesario, pola mañá moi cedo ou pola tarde pouco antes de que se meta o sol.



Nós aforramos luz deixando entrar o sol




4
anos
B



As cousas que xa non teñen a utilidade inicial podemos aproveitalas para outra función: para facer xoguetes, adornos...

Unha idea:

Imos construír un porquiño cunha botella de plástico, á que lle engadiremos catro oveiras para fabricar as patas. Na tapa faremoslle dous buratos que farán de fociño. As orellas serán dous globos metidos en dous buratiños laterais, de xeito que ao soprarlle polo fociño se lle inchen as orellas. O rabo pode ser un cachiño de plástico, arame ou cable. Se lle facemos unha pequena fenda no lombo converterémola nunha hucha para os nosos aforros. Despois podemos pintala da cor que elixamos.



SABER TIRARLE PARTIDO ÁS COUSAS


Nestes tempos de "apertar o cinto", temos que ser positivos e botarlle un pouco de sal á vida cotiá.

Hai trucos para poder aproveitar moitas das cousas que tiramos nas nosas casas; aquí vos van uns poucos:

- Cando vaias á compra leva as túas propias bolsas, é bo para o teu peto e para a saúde do Planeta.
- Non tires as botellas de plástico, poden servir de axóuxeres cunhas poucas lentellas dentro ou un pouquiño de arroz, ou, se o prefires, córtalas á metade e mete dentro as botellas do aceite, así non mancharás as mans nin os móbiles da cociña.
- Cando vos sobre papel de regalo non o tiredes, decorade as caixas de cartón, quedarán moi bonitas e aproveitarédelas para gardar os lapis ou os xoguetiños, e tereades unha decoración moi orixinal no voso cuarto.
- Recordade tamén que os papeis teñen dúas caras, e se están coloreados dun lado tamén teñen outro... e pódese aproveitar. Así coma esa molesta propaganda que nos chega por correo, que podemos gardar e cortar en anquiños para facer un gran *bloc* de notas.

Espero que estes consellos vos sirvan para aforrar un pouquiño máis.

E recordade que... **NADA É LIÑO ATA QUE SE DEMOSTRE O CONTRARIO.**



Galicia

RECICLANDO
PALABRAS

Construir
sin destruir

APAGAMENTO SIMBÓLICO PARA LOITAR CONTRA OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

A Hora do Planeta: mil cidades ás escuras durante 60 minutos

AFORRANDO ENERXÍA
E AUGA




Familia de Antonio Román Vázquez

A AUGA

Ocupa o 75% da superficie da Terra, aínda que só o 30% da do Planeta é apta para o consumo.


É un dos recursos esenciais para a saúde e a vida de todos os seres vivos.



NON A MALGASTES

Sistemas de aforro da auga:


- ◆ Instalar cisternas de dobre pulsación segundo a necesidade de descarga.
- ◆ Non utilizar o inodoro como papeleira.
- ◆ Colocar billas monomando.
- ◆ Pechar as billas mentres lavamos os dentes.
- ◆ Ducharse no canto de bañarse.



maria leva as pilas



as meninas Reciclam
sonda terra e papel



dani deposita
botellas



carmen deixa as latas





Os
animais
aproveitam



Familia de Mara Malvar Fernández




os
restos
de
comida



RESIDUOS URBANOS: PAPEL E VIDRO

O PAPEL: é un residuo reciclable e reutilizable, non ten sentido desperdicialo nun



vertedoiro. Para producir unha tonelada de papel requírense doce árbores de vinte anos, 100.000 l. de auga e 5.000 kw de enerxía. Sen embargo, se reciclamos o papel usado reducimos o consumo de auga ata 2.000 l., utilizaremos a metade de enerxía e, o máis importante, salvaremos esas fermosas doce árbores.

O VIDRO: é un material que polas súas características é facilmente recuperable. O envase



do vidro é 100% reciclable, é dicir, a partir dun envase usado pode fabricarse un novo coas mesmas características do primeiro.

o vidro é 100% reciclable

APROVÉITAO!!!

Familia de Aurora Romero Trastoy

MATERIAIS:

- Dous rolos de papel hixiénico
- Dúas bolsas da compra con debuxos
- Un cacho de cartón
- Unha cinta adhesiva
- Un pouco de cola de pegar
- Unhas tesoiras
- E moita, moita imaxinación

Con esta mestura de materiais fixen un mantel, dous gardapanos e un bote de pauciños.

ELABORACIÓN:

Aproveitando os rolos de papel hixiénico puxen unha funda con debuxos que saquei das bolsas da compra.

Este traballo fíxeno coa axuda da miña mamá e o meu papá

APROVEITAMOS



NO AFORRO CADA PEQUENO XESTO CONTA

Aforrar enerxía é bo para o teu peto e fundamental para o planeta


Os aparatos de baixo consumo reducen o gasto ata en 1.900 euros na súa vida útil

O troco dunha soa lámpada de 100w que se utilice unha hora diaria, nas 900.376 vivendas galegas, suporía aforrar 12.000tm de CO2 e 3 millóns de euros ao ano



Familia de Manuel Antón Díaz Rego

O tipo de letra empregado neste documento aforra un 20% de tinta á hora da súa impresión



Estou aforrando, euro a euro,
para mercar unha bicicleta.

meto un euro!
meto outro euro!


A miña tripa está chea de moedas.
En moi pouco tempo, xa estará chea.

meto un euro!
meto outro euro!

Gárdame o segredo que é unha sorpresa,
e rómpeme só cando estea chea.

euro a euro, conseguín
unha bicicleta!

PARA AFORRAR ...



AFORRO E APROVEITAMENTO

Ola, son Roa e vou contarvos como aforramos e como aproveitamos as cousas na casa.

Aforro de auga:

- ✚ Pechamos a billa cando lavamos os dentes.
- ✚ Duchámonos no canto de bañarnos.
- ✚ Soamente poñemos a lavadora e o lavalouzas cando están cheos.
- ✚ Temos difusores que regulan o caudal nas billas.



Aforro de enerxía:

- ✚ Sempre que saímos dun cuarto apagamos a luz.
- ✚ Na casa non andamos en manga curta no inverno, poñemos unha chaqueta e baixamos a temperatura da calefacción para que non estea todo o día acesa.
- ✚ Cando cociñamos na vitrocerámica e os alimentos acadan a temperatura de cocción, baixamos a potencia.

Aproveitamento:

- ✚ Cando imos ao supermercado coa miña irmá pequena metemos a compra no seu carriño para evitar as bolsas de plástico.
- ✚ Cando collemos as bolsas no supermercado aproveitámolas para botar nelas o lixo aos colectores.
- ✚ A roupa que xa non usamos porque nos queda pequena, se non está vella, levámola a un centro de recollida, onde a reparten entre a xente que o necesita.



Familia de Roa Sande Fernández

...NUBE MOURA NO CEO CHUMBO DA CHAIRA...


Aínda que era verán a tarde estaba un pouco fría. E unha nube moura, moura, moura, quedara como cravada no ceo. Eva asomou á ventá e quedou alí, ollando aquela nube grande e moura. Semellaba un xigantesco globo escuro a piques de estoupar. A nube tamén quedou queda mirando cara a Eva.

- Nena, por que me miras tan seria?

- Parece que vai chover.

- Ai, non me digas iso! Pasei o inverno desexando esfaragullarme en folerpas brancas, gordechas e brandiñas, como vos gustan aos nenos... e aos maiores. Pero o tempo anda tan revoltó! A calor foi moita e non puiden nevar; na primavera veu un vento de outono que me levou cara a Oriente; agora teño demasiadas pingas de auga, estou cansa e non vou dar aguantado sen chovelas ata o outono. Vai tanto frío!

- E por que foi tanta calor no inverno e frío no verán? Ti non podes aranzalo?



- Eu? Non, Nena! Os humanos facedes demasiados estragos na Terra. Veña tubos de escape; veña chemineas; veña lixo; veña fábricas que fabrican cousas para tirar ao lixo; veña mercar cousas que non vos fan falta para tiralas ao lixo...veña gastar e gastar... e de onde cres que sae o que gastas? E onde cres que vai o que tiras? E veña produciren enerxía para logo tirala... e coller a auga para tirala... os que a tedes, claro, que moitos... nin probala, porque outros fixestes tanto fume que as nubes non sabemos cara a onde hai que tirar para choberlles... Un desastre! Contaminádelo todo. Ti tamén té a culpa.

- Non me digas iso, eu non fixen nada.

- Non, non, non chores. Se choras pñoome triste e tamén choro e estou tentando aguantar sen soltarvos nin pinga.

- Eu son só unha nena, que podería facer para non contaminar?

- O único que non contamina é non gastar. O que non usas non contamina.

Falaron e falaron durante case toda a tarde. A "nubarrona", que ao primeiro estaba un chisco triste e enfadada, foi acougando. Cando xa ía ser noite despedíronse, agardando verse alí ao día seguinte.

- Espero que non vaia moito frío de noite. Se me poño a tremer de seguro que algunhas pingotas me caen.

- Farei todo o posible por non estragar máis o planeta e, ademais, vou aforrar cartos! Xa cumprín seis anos, así que podo facer moitas cousas.

- Que cousas?

- Pódome duchar no canto de encher a bañeira para remollar-me como se fose un garavanzo. Podo pechar a billa mentras me cepillo os dentes. Podo apagar a luz cada vez que saia do cuarto e vaimos gustar máis andar ca ir no



coche. Eu xa sei botar o lixo nos colectores para reciclar e pódolle ensinar á miña irmá pequena.

- Iso hai moitos maiores que non o fan...

- E cando vaia frío poñerei unha chaqueta no canto de queixarme de que non quenta a calefacción. E apaguei a tele co botón e non co mando... Só teño seis anos e vou ser quen de facer moito por ti!

- Non só por min, faralo tamén por ti e por todos.

- E cando a miña irmá medre xa saberá facer estas cousiñas, e máis!

- Ai, non me emociones que me poño a chover!

Eva e IRENE Sanmartín Vázquez e familia

DON AFORRÍN E DON GASTÓN

Eran dúas lámpadas que ían xuntas ó colexio, unha era de baixo consumo e chamábase Aforrín pola pouca enerxía que consumía, e a outra chamábase Gastón xustamente polo contrario.

Aforrín era sempre o branco das burlas do seu compañeiro, polo tempo que tardaba en emitir unha luz tan potente coma Gastón, que cando estaba acesa xa emitía con toda a súa forza.

É como naqueles tempos ninguén aforraba enerxía, a quen chamaban sempre para iluminar unha festa ou calquera evento era a Gastón, polo rápido que traballaba.

Pasaron os anos e a xente decatouse de que a enerxía non era inesgotable, e que con todo ese consumo destruíase o Planeta.

E aínda que as lámpadas coma Don Aforrín eran máis caras, tiñan a vantaxe de que duraban máis e consumían menos, por iso logo foi reclamada en todas as ocasións na que houberse algo que alumear.

E colorín colorado este conto está apagado.

*Don Aforrín
é pequeniño
e Don Gastón
é xigantón*

*Don Aforrín
xunta que xunta,
logo acada
un bo montón.*

*A Don Gastón
nunca lle chega
e queda sen
un patacón*



Familia de Alexia Cendán Rego

COMO AFORRAR ENERXÍA NA CASA?

Ola, son Televí, estou aquí para dicirvos como aforrar enerxía.

No caso da TV debes de apagar no botón do aparello e non no mando.

Agora vou presentarvos a uns colegas que vos darán algúns consellos.



Ola, o meu consello é que non poñades a lavadora a media carga, esperade a ter o cesto cheo de roupa e así aforraredes luz e auga.


Ola Lavató, podes darnos algún consello?

Que fácil!



Espera a que estea cheo de cacharros para poñerme en marcha e úsame nun programa económico. Así, ao igual que Lavató, aforramos luz e auga.

Ola Louzas e ti que nos contas?



Canto tempo Televí? Pois eu pódovos dicir que nunca me deixades a porta aberta. Sempre que veñades coller algo, pechádeme a porta.

Ola neveriña, que nos contas?



Non teñades as luces acesas nos cuartos onde non hai ninguén. Acendede só as precisas e usade lámpadas de baixo consumo.

Que hai Bombi? E ti que dis?


Pois xa sabedes, aforrar enerxía é doado



O TREN

Material necesario:

- 8 tapóns de cortiza de botella
- 4 vasos de iogur baleiros
- 1 fío de la
- 1 mixto
- pegamento
- 1 punzón
- pinturas



Maneira de facelo:

Collemos 3 vasos de iogur e furámoslos no fondo co punzón, pasamos o fío de la polos furados e a continuación pegamos dous tapóns en cada vaso a modo de rodas.

Collemos o vaso que deixamos e furámolo no lateral, pasamos o fío por el, pegamos os tapóns e xa temos a sala do maquinista.

Decoramos o tren ao noso gusto, sen esquecer pegar o mixto como cheminea. Xa temos un bonito tren para xogar!

BONECOS-GUANTES

Material

- ◆ Guantes en desuso
- ◆ Restos de tea
- ◆ Algodón
- ◆ Restos de la
- ◆ Tesoiras
- ◆ Agulla
- ◆ Fío

Elaboración

Marcar nas teas diferentes formas. Encher de algodón. Coser e colocar nos guantes.



Escola de Educación Infantil

MARCADORES PARA LIBROS

Material:

- ◆ Paus de xeadado
- ◆ Restos de tea
- ◆ Cartolina
- ◆ Cola de pegar
- ◆ Rotuladores



Elaboración:

Recortar círculos da cartolina para a cara e pegalos no extremo do pau.

Debuxar con rotuladores os ollos, boca...

Facer outro pequeno círculo de cartolina para o nariz.

Pegar todo.

A vestimenta farase cos restos das teas.

Escola de Educación Infantil

O tecido das medias é moi tupido e elástico, por iso é bo para facer moitas cousas. Por exemplo, coa axuda de recheo pódense elaborar figuras moi bonitas. Para facer un boneco átanse con fío pezas das medias recheas e fórmase así a cabeza, os brazos e as pernas. Ao rematar pódese pintar.



Familia de Daniel Ameijide Leiras

Aforrar no fogar

Non hai fórmulas máxicas para gastar menos, pero seranos máis doado se reducimos o consumo de enerxía e contratamos tarifas telefónicas, eléctricas ou de gas económicas. Tamén podemos aforrar se obtemos o máximo rendemento do noso consumo de auga, gas e electricidade, adaptando os fogares: acumuladores, uso de lámpadas de baixo consumo, termóstatos, burletes para portas e ventás... Outra fonte de gastos susceptible de intervención é a cesta da compra: se pensamos mellor a lista e adquirimos só o que precisamos e buscando o mellor prezo, poderemos aforrar uns cartos.

Para os primeiros casos debemos facer uso da información que nos dan os profesionais.

No caso da cesta da compra somos os da casa quen debemos aprender a facer un consumo razoable e san; para iso aí vai este decálogo:

1. Antes de saír da casa, elabora unha lista do que precisas, con cantidades exactas e cínguete a ela.
2. Compara os prezos que para un mesmo produto ofrece cada marca e cada establecemento.
3. Cunha compra grande ao mes, ou cada 15 días, controlarás mellor o que gastas e enfrontaraste menos veces á tentación da "compra por impulso".
4. Aproveita ofertas de produtos non perecedoiros (conservas, limpeza, hixiene...) para encher a despensa.
5. Adquire marcas brancas de distribuidor. Segundo o produto, poderás aforrar ata un 25%.
6. Consume produtos de temporada, soen estar mellor de prezo.
7. A finais de mes, fai un cadro cos gastos de luz, auga, teléfono, etc., e ponte de acordo coa familia para intentar reducilos.
8. Leva as túas contas ao día. Anota cada noite o que gastaches durante o día. Serás consciente dos gastos innecesarios que realizaches e terás un estímulo para non reincidir.
9. Reduce o uso da tarxeta de crédito e paga en metálico. Case sempre se gasta menos.
10. Todos os membros da casa deben colaborar a consumir só o que é realmente necesario.



REFRÁNS E DITOS

*O que de novo non traballa,
de vello dorme na palla*

*Diñeiro aforrado,
dúas veces gañado*

*Sacar e non poñer
non pode ser*

*Non hai mellor lotería,
ca traballo e economía*

*Onde hai “saca” e non “pon”
logo se acaba o bolsón*

*Un bo gastador,
ten detrás un bo aforrador*

*Un a gañar e cinco a gastar,
milagre será aforrar*



*Aforrar non é só gardar,
senón saber gastar*

*Non hai pouco que non chegue,
nin moito que non se acabe*

*Un gran non fai celeiro,
pero axuda ao compañeiro*

*Imita á formiga,
se queres vivir sen fatiga*

*Moitos poucos,
fan un moito*

*Do que se tira,
non se ve gozo*

*Quen garda o que ten,
come cando quere*

*Se queres prosperar,
moito has aforrar*

*O aforro anda a modo
e chega lonxe*

*Quen aforra unha peseta cando pode,
ten un peso cando quere*

*Quen coída a peseta,
nunca lle falta un peso*

*Se queres que o diñeiro non che falte,
o primeiro que teñas non o gastes*

*Cada día un gran pon,
e farás un montón*

*Aforra agora que es novo,
para que poidas gastar de vello*

O que garda sempre ten



O aforro é a mellor renda

Máis vale aproveitar que tirar

*Alquimia probada: ter renda e
non gastar nada*

*Pouco importa que o anciño
xunte se a cesta verte*

Sobre un ovo, pon unha pita

*Con animal de pico,
ninguén se fai rico*

*O recurso máis eficaz para
aforrar diñeiro é o traballo*

*O camiño cara á riqueza depende
fundamentalmente de dúas
palabras: traballo e aforro*

Claustro do profesorado

- *Recoñece o noso traballo*

- *Valora o noso esforzo*

- *Comparte as nosas ilusións*

- *Ti, nós, vós... todas e todos*

... temos sempre algo que aprender